

DECRETO NÚMERO 16004857 DO 17/06/2016

Ilma. Sra. Ana Prieto Nieto Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Economico

Instruído o expediente relativo a: **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ONCE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓNES INFANTIS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2016 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2017 E 2018. DESESTIMACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

I.- Informe proposta do servizo de contratatación de data de 15 xuño de 2016, no que na súa parte expositiva fai constar:

“ANTECEDENTES

1º.- Acordo da XGL 24/250 celebrada o 27 de abril de 2016 polo que se acorda entre outros: aprobar as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización de instalación de once postos de venda de mercadorías e atraccións infantis ecolóxicas no ARDE LUCUS 2016, prorrogable para os anos 2017 e 2018 e delegar a competencia para a resolución deste procedemento e demais actos de desenvolvemento e execución destas Bases na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico ou naquel Concelleiro/a que legalmente a substitúa.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acta da comisión de avaliación do procedemento de licitación de referencia celebrada o día 13 de xuño de 2016, co seguinte teor literal:

“Sendo as 9:00 horas do día 13 de xuño de 2016, no servizo de contratación, patrimonio e fomento (3ª planta do Centro de Servizos Municipais, Ronda da Muralla, 197), reúnese a comisión avaliadora constituída para o procedemento de licitación para a autorización de instalacións de once postos de venda de mercadorías e atraccións infantís ecolóxicas no ARDE LUCUS 2016, prorrogable os anos 2017 e 2018. A citada comisión está integrada polos seguintes membros:

- *Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.*
- *María José Pena Lage, técnico adscrita a Xuventude.*
- *Manuel Louzao Aldariz, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento.*

Procédese en primeiro lugar a cotexar o listado emitido polo Rexistro Xeral do Concello coas plicas custodiadas no servizo de Xuventude e a numerar estas. A continuación procédese á comprobación da documentación administrativa (Sobres A), co seguinte resultado.

1.- MARCOS MARTINEZ MAROÑO: a documentación é correcta

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

2.- *CELICIA MACHADO: a documentación é correcta*

3.- *ALAN VINAGRE SENLLE: os sobres non conteñen indentificación, se ben constar unha folla separada cos datos do licitador. O sobre B está aberto.*

4.- *AIDA FERNÁNDEZ DEL PRADO: presenta catro sobres, dous sobres A e dous sobres B. A proposición rexistrada o 24/05/2016 presenta o sobre B aberto. A rexistrada con data 19/05/2016 ten a documentación correcta.*

5.- *MARIA ISABEL SUAREZ RUEDA. A documentación é correcta*

6.- *LAURA TOJO FERNANDEZ . A documentación é correcta. Aporta seguro RC*

7.- *MARIA JOSE FERRO GARCIA. A documentación é correcta. Aporta seguro RC.*

8.- *OLGA MILLA CASTRO. A documentación é correcta*

9.- *EDITA RODRIGUEZ OCA. A documentación é correcta, aporta carta artesano*

10.- *FEDERICO QUERALT DE MARTINO: presenta dous sobres correctamente identificados. O sobre B está aberto.*

11.- *ADELA GÓMEZ VELAZQUEZ. A documentación é correcta. Aporta seguro RC*

12.- *JORGE DIEGO ANDRADE GONZALEZ: presenta un único sobre que se atopa aberto e que contén á súa vez dous sobres (A e B) que están igualmente abertos.*

13.- *MARIA ROSA e DOLORES RODRIGUEZ DÍAZ. Acompaña unha queixa. A documentación é correcta.*

14.- *SONIA GARCIA DIAZ. A documentación é correcta*

15.- *ROBERTO JOAQUIN QUINTELA REBELO; presenta dous sobres, dos cales o sobre B está aberto.*

16.- *ANDREAS MIBNER: Presenta dous sobres e dentro do sobre A atopase a oferta económica polo que non pode ser admitido.*

17.- *ANGELES BLAY ORENGA: presenta dous sobres (A e B) correctamente identificados pero que se atopan abertos.*

18.- *ANTONIO BARRIOS DOMINGUEZ. A documentación non é correcta posto que falta a certificación de non ter débedas coa Axencia Tributaria, polo que no caso de resultar seleccionado, estaría condicionado á presentación en prazo desta certificación.*

19.- *BATHIE DIOUF: presenta un sobre único, coa identificación do licitador pero non do procedemento ao que concorre. En calquer caso o sobre está aberto.*

20.- *JOSE MANUEL AGUT BLASCO. A documentación é correcta*

21.- *PATRICIA GALLEGO ESTEVEZ: presenta dous sobres (A e B) correctamente identificados pero que se atopan abertos.*

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN

22.- SILVIA ARTOS FERNANDEZ: *presenta dous sobres correctamente identificados pero o sobre B atópase aberto.*

23.- SONIA FONTAN FORNO. *A Documentación é correcta*

24.- IRSHAID BASSAM: *presenta dous sobres (A e B) dentro dun sobre grande. No sobre A aparece a oferta económica, polo que non pode ser admitido.*

25.- RAUL ERMESTO CABRERA BRUNO. *A documentación é correcta. Aporta seguro RC*

26.- STOYO RUMENOV MARINOV: *presenta un único sobre que se atopa aberto.*

27.- NURIA CALO RAMOS. *A documentación é correcta*

28.- PABLO RODRIGUEZ GONZALEZ. *A documentación é correcta*

29.- FORNO LUGO, C.B *A documentación é correcta*

30.- FORNO LUGO ALCATRAZ, S.L *A documentación é correcta*

31.- PEDRO WALTER JARA LÓPEZ. *A documentación non é correcta porque falta certificación da Seguridade Social, polo que no caso de resultar seleccionado, estaría condicionado á presentación en prazo desta certificación.*

32.- TEODORO ROMERO ABAD. *A documentación é correcta*

33.- EDUARDO GOMEZ FERREIRO: *presenta dous sobres (A e B) correctamente indentificados. O sobre B está aberto.*

34.- PAULA RÁBADE OTERO *A documentación é correcta*

35.- FELIPE PÉREZ CASTEÑANOS *A documentación non é correcta posto que falta a certificación de non ter débedas coa Axencia Tributaria, polo que no caso de resultar seleccionado, estaría condicionado á presentación en prazo desta certificación.*

36.- PAN VELLO, C.B. (Andrés Díaz Pérez) *A pesar de non identificarse nos sobres a licitación a que concorre os membros da mesa tendo en conta que na data da súa presentación non se atopa aberta ningunha outra licitación na unidade administrativa de Xuventude acorda proceder á apertura do sobre A. Faltan certificados de non ter debidas coa Seguridade Social e coa Axencia tributaria, a súa admisión estará condicionada a la presentación dos mesmos.*

37.- JOSE LAZARO COLEJO PEREIRA. *A documentación é correcta*

38.- NADIA ER REKYNA: *presenta dous sobres sen identificar para que procedemento concorre. A pesares deste defecto, os membros da comisións, tendo en conta que na data da súa presentación non se atopa aberta ningunha outra licitación na unidade administrativa de Xuventude acorda proceder á apertura do sobre A. Dentro do sobre A aparece a oferta económica, polo que non pode ser admitida.*

39.- CONRADO MUÑOZ MARTINEZ: *presenta dous sobres (A e B) abertos e sen identificar o procedemento ao que concorre.*

40.- MARIA BERNIER GARCIA- *presenta sobres A e B con identificación da licitación e do licitador e que se atopan abertos.*

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN

41.- ANA BELEN CAMPOS COTO A pesar de non identificarse nos sobres a licitación a que concorre os membros da mesa tendo en conta que na data da súa presentación non se atopa aberta ningunha outra licitación na unidade administrativa de Xuventude acorda proceder á apertura do sobre A. Falta certificados de non ter debudas coa Axencia tributaria, a súa admisión estará condicionada a la presentación do mesmo. Aporta seguro RC

42.- LEONCIO RODRIGUEZ FERNANDEZ. Faltan certificados de non ter debudas coa Axencia tributaria e coa Seguridaade Social, a súa admisión estará condicionada a la presentación dos mesmos.

43.- GRACIELA JIMENEZ AZCOITIA. A documentación non é correcta posto que faltan os certificados de non ter débedas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social polo que no caso de resultar seleccionado, estaría condicionado á presentación dos mesmos.

44.- MARINA SOUSA ANTUNES: presenta dous sobres (A e B) correctamente identificados. O sobre B está aberto.

45.- CARLOS MANUEL MONTEIRO SIMOES. Presenta un sobre único sen identificar o procedemento ao que concorre e que se atopa aberto.

46.- MARIA JOSE GONZALEZ ÁLVAREZ: presenta dous sobres (A e B) sen identificar a licitación a que concorre. O sobre B está aberto.

47.- JULIO CESAR VILLAGRAN MARTINEZ. A documentación é correcta

48.- ADRIANA ALZATE MIRANDA: presenta un sobre único sen identificar o procedemento a que concorre e que se atopa aberto.

49.- JUAN RODRIGUEZ BERNANDEZ A documentación non é correcta posto que falta escritura de constitución de SHALON SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA polo que no caso de resultar seleccionado, estará condicionado á presentación da mesma.

50.- MAGIE BERETTIERI. A pesar de non identificarse nos sobres a licitación a que concorre os membros da mesa tendo en conta que na data da súa presentación non se atopa aberta ningunha outra licitación na unidade administrativa de Xuventude acorda proceder á apertura do sobre A . Falta escritura de constitución de SHALON SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA polo que no caso de resultar seleccionado, estará condicionado á presentación da mesma.

51.- RASCON Y CEJUDO, SL. A documentación é correcta. Aporta Seguro RC

52.- RICARDO MATDIN: presenta dous sobres (A e B) sen identificar a licitación a que concorre e que se atopa aberto. O sobre B está aberto.

53.- VICTOR REY CARBALLEIRA. A documentación é correcta

54.- XURXO XOAN REGUEIRA FERNANDEZ. A documentación é correcta. Aporta seguro RC

55.- RAQUEL MUÑOZ GARCIA presenta un único sobre sen identificar a licitación a que concorre e que se atopa aberto.

56.- IVAN RUMENOV MARINOV: presenta un único sobre sen identificar a licitación a que concorre e que se atopa aberto.

57.- CESAR ANTONIO LORENZANA BARGUEIRAS. A documentación é correcta

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN

58.- *ADRIANA ROMANI POSSE. A documentación é correcta. Aporta seguro RC*

59.- *MANUEL AGULLA INSUELA. A documentación é correcta*

60.- *MARIA CRISTINA COSMELLI RODRIGUEZ DA SILVA. A documentación non é correcta posto que faltan certificados de non ter debedas coa Seguridade Social e coa Axencia tributaria; a súa admisión estará condicionada a la presentación dos mesmos.*

61.- *ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE CONFITERIA Y PASTELERIA DE LUGO . A documentación non é correcta posto que faltan certificados de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria polo que non caso de resultar seleccionado estará condicionado á presentación dos mesmos*

62.- *CUSICOILLOR PERALTA OTERO. A documentación é correcta*

63.- *EMBTIDOS SUARNA, S.L. A documentación é correcta. Aporta seguro RC*

64.- *LORENTE Y CARMONA, S.L. A documentación é correcta*

65.- *BRUNO FIGNONE ALVAREZ presenta a documentación sen sobre polo que non pode ser admitida.*

66.- *ADRIAN MENENDEZ CEREIJO - HELADOS LA REAL, S.L. A documentación non é correcta posto que falta escritura de constitución da sociedade, a súa admisión condicionada a presentación da mesma. Aporta seguro Rc*

67.- *JOSE RAMON ARAGON MORALES: presenta sobres A e B abertos sen identificación do licitador nin da licitación.*

68.- *GUILLERMO MELERO COMES - CHOCOLATES COMES, S..L. A documentación non é correcta posto que falta escritura de constitución da sociedade, a súa admisión estará condicionada á presentación da mesma*

69.- *JOSE IGNACIO RICHAUD. A documentación non é correcta posto que falta a certificación de non ter débedas coa Axencia Tributaria, polo que no caso de resultar seleccionado, estaría condicionado á presentación en prazo desta certificación.*

70.- *MIGUEL ANTEL BOLLO SANCES- Foi presentada a documentación fora do prazo establecido.*

71.- *JUAN LUIS CATALUÑA – Presenta dúas proposicións, unha do día 9/06/2016 e outra do día 10/06/2016. Na primeira enviou aviso por fax da súa presentación pero fora do prazo (o día 8/06/2016). Na segunda non se enviou aviso de presentación por correo e está igualmente fora de prazo.*

72.- *JOSUME URIARTE URIARTE presenta dous sobres que non están rexistrados e que foron enviados a Xuventude. Non se pode acreditar nin a data de presentación nin o xustificante de aviso por fax.*

73.- *SUSANA YEPES RODRIGUEZ A documentación é correcta*

Ante o elevado número de incidencias na documentación presentada polas empresas participantes, en especial a existencia de sobres B coa oferta que se atopan abertos, os integrantes da comisión conclúen por unanimidade que non se teñen garantidas as condicións de secreto en que se deberon gardar as proposicións presentadas, tendo en conta o establecido nas bases así como na normativa de contratación aplicable neste procedemento.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN

De conformidade co artigo 145 do TRLCSP, as proposicións serán segredas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública. Para o caso de que non fose así, o RD 1098/2001, de 12 de outubro, establece no seu artigo 83 que cando se presenten dúbidas sobre as condicións de secreto en que teñen que ser custodiadas as proposicións, suspenderase o acto e realizaranse urxentemente as investigacións oportunas sobre o sucedido.

Así as cousas, a comisión avaliadora acorda suspender o acto e solicitar informes aos responsables das unidades administrativas de Rexistro Xeral e Xuventude en relación aos motivos que puideron provocar á apertura dun elevado número de sobres que conteñen as proposicións dos participantes neste procedemento.”

4º.- Acta da comisión de avaliación do procedemento de licitación de referencia celebrada o día 14 de xuño de 2016, co seguinte teor literal:

“Sendo as 9:00 horas do día 14 de xuño de 2016, no servizo de contratación, patrimonio e fomento (3ª planta do Centro de Servizos Municipais, Ronda da Muralla, 197), reúnese a comisión avaliadora constituída para o procedemento de licitación para a autorización de instalacións de once postos de venda de mercadorías e atraccións infantís ecolóxicas no ARDE LUCUS 2016, prorrogable os anos 2017 e 2018. A citada comisión está integrada polos seguintes membros:

- Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.
- María José Pena Lage, técnico adscrita a Xuventude.
- Manuel Louzao Aldariz, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Procédese en primeiro lugar a dar lectura aos informes emitidos pola funcionaria adscrita á Xuventude e pola xefa de sección de estatística como responsable do Rexistro Xeral, do seguinte teor literal:

*“ Recibida a providencia da Comisión de avaliación das ofertas presentadas no RXE deste Concello e rexistradas para a unidade administrativa de Xuventude, a onde foron remitidas, para a licitación correspondente á **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ONCE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓNS INFANTIS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2016, PRORROGABLE PARA OS ANOS 2017 E 2018**, detectouse cos sobres (A, B ou ámbolos) dos licitadores que a continuación se relacionan estaban aberto, motivo polo cal se solicita a emisión dun informe por parte da unidade administrativa de Xuventude. Cabe informar o seguinte:*

Recibidas en Xuventude as ofertas dos licitadores que aparecen no listado seguinte sinalase que foron custodiadas todas as plicas para a súa posterior apertura na mesa de contratación, indicando polo tanto que foron recibidas no estado que a continuación se detalla:

- ALAN VINAGRE SENLLE: aberto sobre B
- AIDA FERNÁNDEZ DEL PRADO : abertos sobres A e B da oferta presentada el 24/05/2016
- MARIA JOSE FERRO GARCIA: aberto sobre A
- OLGA MILLA CASTRO: aberto sobre A
- FEDERICO QUERALT DE MARTINO: aberto sobre B
- JORGE DIEGO ANDRADE GONZALEZ : abertos sobres A e B
- SONIA GARCIA DIAZ: aberto sobre A

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

- *ROBERTO JOAQUIN QUINTELA REBELO: aberto sobre B*
- *ANDREAS MIBNER: aberto sobre A*
- *ANGELES BLAY ORENGA: abertos sobres A e B*
- *ANTONIO BARRIOS DOMINGUEZ: aberto sobre A*
- *BATHIE DIOUF: sobre único aberto*
- *PATRICIA GALLEGO ESTEVEZ: abertos Sobre A e B*
- *SILVIA ARTOS FERNANDEZ: aberto Sobre B*
- *SONIA FONTAN FORNO: aberto sobre A*
- *IRSHAID BASSAM: aberto sobre A*
- *RAUL ERMESTO CABRERA BRUNO: aberto o sobre A*
- *STOYO RUMENOV MARINOV: aberto sobre único*
- *NURIA CALO RAMOS : aberto sobre A*
- *PABLO RODRIGUEZ GONZALEZ: aberto sobre A*
- *EDUARDO GOMEZ FERREIRO: aberto sobre B*
- *JOSE LAZARO COLEJO PEREIRA: aberto sobre A*
- *CONRADO MUÑOZ MARTINEZ: aberto sobres A e B*
- *MARIA BERNIER GARCIA- abertos sobres A e B*
- *ANA BELEN CAMPOS COTO: aberto sobre A*
- *GRACIELA JIMENEZ AZCOITIA: abierto sobre A*
- *MARINA SOUSA ANTUNES: aberto sobre B*
- *CARLOS MANUEL MONTEIRO SIMOES: sobre único aberto*
- *MARIA JOSE GONZALEZ ÁLVAREZ: aberto sobre B*
- *ADRIANA ALZATE MIRANDA: sobre único aberto*
- *JUAN RODRIGUEZ BERNANDEZ: aberto sobre A.*
- *MAGIE BERETTIERI: aberto sobre A*
- *RASCON Y CEJUDO, SL: aberto sobre A*
- *RICARDO MATDIN : aberto sobre B*
- *XURXO XOAN REGUEIRA FERNANDEZ : aberto sobre A*

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN

- RAQUEL MUÑOZ GARCIA: sobre único aberto
- IVAN RUMENOV MARINOV: sobre único aberto
- MARIA CRISTINA COSMELLI RODRIGUEZ DA SILVA: aberto sobre A
- CUSICOILLOR PERALTA OTERO: aberto sobre A
- LORENTE Y CARMONA, S.L: aberto sobre A
- JOSRAMON ARAGON MORALES: abertos sobres A e B
- GUILLERMO MELERO COMES - CHOCOLATES COMES, S.L: aberto sobre A
- NADIA ER REKYNA: abertos sobres"

"Con relación á solicitude de informe do Negociado de Rexistro sobre o tratamento dado ás ofertas presentadas no Rexistro Xeral con motivo da licitación para a "Autorización de onde postos de venda de mercaderías e atraccións infantís ecolóxicas no Arde Lucus 2016, prorrogable para os anos 2017 e 2018", cómpre informar:

A entrada de documentos no Rexistro Xeral do Concello debe realizarse conforme ao establecido na normativa legal de aplicación, e neste sentido, temos que acudir a Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que dispón no seu artigo 38.3 con relación aos asentos que se relicen en soporte informático que o sistema deberá garantir a constancia en cada asento que se practique, entre outros dos datos de "identificación do interesado", considerando a identificación como a acreditación das características da identidade dunha persoa.

Neste sentido, segundo o disposto no artigo 9 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre Protección da seguridade cidadá, o DNI é o documento que ten suficiente valor para a acreditación da identidade das persoas, no caso de contar coa nacionalidade española e no caso de estranxeiros, pasaporte, visado ou tarxeta de identidade de estranxeiro.

A maior abundamento, a necesidade de incluír no asento rexistral os datos de identificación da persoa interesada recóllese asimesmo nos criterios ditados pola Dirección Xeral para o impulso da administración electrónica da Secretaría de Estado para a Función pública do Ministerio da Presidencia, hoxe MINHAP para a aplicación do Rd 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a AGE, de aplicación supletoria a esta administración municipal.

En efecto, no seu parágrafo 2.2 establece, entre os datos mínimos de cada asento rexistral, os de identificación do interesado.

A cuestión da necesidade da identificación, ven refrendada e consolidada tamén na Lei 39/2015, do 1 de outubro, próximamente en vigor, en consonancia coa normativa vixente en materia de sinatura electrónica (Lei 59/2003, do 19 de decembro).

Queda polo tanto, acreditada legalmente a necesidade de introducir no asento rexistral o número do DNI (ou documento identificativo) da persoa interesada, vinculado unívoca e inequívocamente cos seus datos de identidade.

O sistema informático existente no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, contempla, como non, esta necesidade e deste xeito, non permite crear un asento sen a introducción de determinados campos obrigados, entre eles o DNI.

A maior abundamento non se pode esquecer que nun momento de transformación da administración hacia o uso das novas tecnoloxías da información, o Concello debe adptar as súas aplicacións e formatos ao establecido no Rd 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade, para garantir o nivel de interoperabilidade organizativa, semántica e técnica dos datos.

CONTRATAACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Volvendo ao caso que nos ocupa, o argumentado xustifica a necesidade ineludible de obter o dato do DNI para poder realizar o asento rexistral de entrada das ofertas presentadas para o devandito proceso de licitación, que por outra banda tampouco se poden rexeitar, sendo obrigado a súa introducción no aplicativo de Rexistro.

A maior abundamento este dato, como xa queda indicado, imprescindible para o Rexistro Xeral, non figuraba como dato necesario na Base Sétima: Documentación a presentar, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno do 27-04-2016, polo cal máis un 80% das propostas presentadas non o incorporaban como dato nos sobres, sendo necesario, para poder realizar o rexistro, recabalo.

Para iso, procedeuse á apertura do sobre A de contido administrativo, aínda que nalgunhas ocasións, erróneamente abriuse o sobre B, de contido económico.

Támén cómpre considerar que en ocasións os sobres viñan sen pechar dentro doutro sobre, noutras non se especificaba se era sobre A ou B, noutras chegaban doutros departamentos aos que se habían dirixido erróneamente, chegando a Rexistro xa abertos.

Téñase en conta que estas cousas suceden cando hai unha forte carga de traballo cun elevado volume de público que impide adoptar a postura, quizáis máis aconsellable, que sería parar a cola ata que por parte dos propios servizos destinatarios da documentación se indicara o camiño a seguir para poder salvar a situación e rexistrar esa documentación cos requisitos esixidos nos aplicativos.

En todo caso e a continuación procédese a unha análise pormenorizada da actuación realizada polo persoal do Rexistro Xeral en cada un dos casos indicados na Providencia de Contratación, con excepción dos que se refíren exclusivamente á apertura do sobre A, por indicación do propio servizo de Contratación

- (3) ALAN VINAGRE SENLLE: aberto sobre B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (4) AIDA FERNÁNDEZ DEL PRADO : abertos sobres A e B da oferta presentada

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (10) FEDERICO QUERALT DE MARTINO: aberto sobre B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (12)JORGE DIEGO ANDRADE GONZALEZ : abertos sobres A e B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro e sen título identificativo nos sobres.

- (15) ROBERTO JOAQUIN QUINTELA REBELO: aberto sobre B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro.

- (17) ANGELES BLAY ORENGA: abertos sobres A e B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (19) BATHIE DIOUF: sobre único aberto

Motivo: non aparece a documentación administrativa e a oferta en sobre separados

- (21)PATRICIA GALLEGO ESTEVEZ: abertos Sobre A e B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (22) SILVIA ARTOS FERNANDEZ: aberto Sobre B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (26)STOYO RUMENOV MARINOV: aberto sobre único

Motivo: non aparece a documentación administrativa e a oferta en sobre separados

- (33)EDUARDO GOMEZ FERREIRO: aberto sobre B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN

- (40) MARIA BERNIER GARCIA- abertos sobres A e B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (44)MARINA SOUSA ANTUNES: aberto sobre B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

-(45)CARLOS MANUEL MONTEIRO SIMOES: sobre único aberto

Motivo: non aparece a documentación administrativa e a oferta en sobre separados

-(46) MARIA JOSE GONZALEZ ÁLVAREZ: aberto sobre B

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (48)ADRIANA ALZATE MIRANDA: sobre único aberto

Motivo: non aparece a documentación administrativa e a oferta en sobre separados

- (52) RICARDO MATDIN : aberto sobre B

Motivo: non aparece a documentación administrativa e a oferta en sobre separados

-(55)RAQUEL MUÑOZ GARCIA: sobre único aberto

Motivo: ausencia do dato DNI no sobre, imprescindible para poder facer o asento do rexistro

- (56)IVAN RUMENOV MARINOV: sobre único aberto

Motivo: non aparece a documentación administrativa e a oferta en sobre separados

- NADIA ERREKYNA: sobre único aberto

Motivo: non aparece a documentación administrativa e a oferta en sobre separados e ausencia do DNI necesario para facer o asento do rexistro.

- (67)JOSE RAMON ARAGON MORALES: abertos sobres A e B

Motivo: sen identificar e ausencia do DNI necesario para facer o asento do rexistro.”

Á vista do contido dos informes, os integrantes da comisión avaliadora confirman o feito posto de manifesto na acta do día de onte, isto é, que non se poden garantir as condicións de secreto en que deberon ser custodiadas as proposicións presentadas posto que un número importante delas foron abertas durante o proceso de rexistro no Concello. Como xa se indicaba, o artigo 145 do TRLCSP –normativa de contratación aplicable ao presente procedemento de licitación-, establece que as proposicións serán segredas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública, o cal non sucedeu no caso que nos ocupa.

Por outra parte, o artigo 155 do TRLCSP establece que o desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa tivo ocasión de pronunciarse sobre esta cuestión no seu informe 38/07, de 29 de outubro de 2007 (“Existencia de dúbidas respecto a las condiciones de secreto en que se debieron de guardar las proposiciones presentadas a licitaciones), e a súa conclusión e que naqueles casos en que sexa imputable a negligencia na actuación dos órganos aministrativos, o quebrantamento do secreto dunha proposición presentada nunha licitación suxeita á lexislación de contratos públicos, debe dar lugar á declaración de nulidade de todo o procedemento de adxudicación do contrato.

Tendo en conta as circunstancias do caso concreto, á vista da lexislación aplicable e do contido do informe mencionado, os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer ao

órgano competente que se desista do procedemento de licitación do contrato polos motivos postos de manifesto. “

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Durante a tramitación do procedemento de licitación convocado polo Concello de Lugo para a autorización da instalación de once postos de venda de mercadorías e atraccións infantís ecolóxicas no Arde Lucus, a comisión encargada de avaliar as proposicións presentadas polos licitadores apreciou, tal e como consta nas actas de 13 e 14 de xuño de 2016, que un importante número de sobres B (que conteñen a oferta económica e relativa ao resto de criterios de avaliación) se atopaban abertos.

Segunda. O artigo 145 do TRLCSP –normativa de contratación aplicable ao presente procedemento de licitación–, establece que as proposicións serán segredas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.

Por outra parte, no artigo 155 do TRLCSP regúlase a renuncia á celebración do contrato e o desistimento do procedemento de adxudicación, establecéndo o apartado 4 que **o desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación**, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa, que no suposto que nos ocupa parece claro que se trata do incumprimento do mencionado artigo 145.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN

Como xa se indica na acta da Comisión avaladora, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa tivo ocasión de pronunciarse sobre esta cuestión no seu informe 38/07, de 29 de outubro de 2007 (“Existencia de dúbidas respecto a las condiciones de secreto en que se debieron de guardar las proposiciones presentadas a licitaciones), e a súa conclusión e que naqueles casos en que sexa imputable a negligencia na actuación dos órganos aministrativos, o quebrantamento do secreto dunha proposición presentada nunha licitación suxeita á lexislación de contratos públicos, debe dar lugar á declaración de nulidade de todo o procedemento de adxudicación do contrato.

Terceira. En canto ao órgano municipal competente, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo num. 24/250 de 26 de abril de 2016 no que se aprobou delegar a favor da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Eonómico ou naquel Concelleiro/a que legalmente a substitúa a resolución do procedemento correspondente á **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ONCE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓN S INFANTIS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2016 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2017 E 2018 e demais actos de desenvolvemento e execución das devanditas Bases**”

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local num. 24/250 de 26 de abril de 2016 no que se aprobou delegar a favor da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Eonómico ou naquel Concelleiro/a que legalmente a substitúa a resolución do procedemento correspondente á **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ONCE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓN S INFANTIS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2016 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2017 E 2018 e demais actos de desenvolvemento e execución das devanditas Bases,**

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento de licitación convocado para a **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ONCE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS E ATRACCIÓN S INFANTIS ECOLÓXICAS NO ARDE LUCUS 2016 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2017 E 2018** polos motivos postos de manifesto na parte expositiva da presente resolución que se dan reproducidos a efectos da súa fundamentación

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución ás dependencias municipais afectadas e as partes interesadas

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: ARDE LUCUS 2016

Asunto: DECRETO DESESTIMACION DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase